



Na sesión extraordinaria, en substitución da ordinaria de agosto, do Pleno da Corporación Provincial, do día 12 de setembro de 2025, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas pola Sra. Deputada Manuela Rodríguez Pumar:

20.8489.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- Preguntas ...

...

Sr. Presidente.- Ten a palabra Dona María Manuela Rodríguez Pumar, do Bloque Nacionalista.

Sra. Rodríguez Pumar.- Ben, bo día de novo. A pregunta ten a ver cun acto dentro do programa “Aquí faltan páxinas” celebrado en Redondela o pasado catro de decembro, no que se recoñecía o traballo das mulleres alfombreiras da provincia. Bueno, parece ser que creou un certo malestar que non todos os colectivos foron convocados pola mesma forma

Sr. Presidente.- Preguntas, lembravos, preguntas, por favor ¿cal é a pregunta?

Sra. Rodríguez Pumar.- A pregunta é ¿Cal ó o criterio que empleou o deputada de Igualdade para convidar as agrupacións de alfombreiras de o conxunto da provincia e concretamente de Redondela. Nada mais. Grazas.

Sr. Presidente.- Moi ben, moitas grazas. Damos entón por finalizado este pleno extraordinario e quedamos convocados polo seguinte que será o martes, 30 de xaneiro. Moitas grazas.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

Dª Manuela Rodríguez Pumar.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno) (por correo electrónico).- Presidencia.- Secretario.- Central.-

Pleno extraordinario 12-setembro-2025

1



Pregunta efectuada pola deputada do Grupo Provincial do BNG, Dona María Manuela Rodríguez Pumar, na sesión extraordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 12 de setembro de 2025:

PREGUNTA:

¿Cal é o criterio que empleou a deputada de Igualdade para convidar as agrupacións de alfombras do conxunto da provincia e concretamente de Redondela? (Referíndose ao programa "Aquí faltan páxinas")

RESPOSTA:

O criterio utilizado polo persoal técnico do Servizo foi o de dar cabida a representantes dos Concellos nos que esta tradición é máis salientable, sendo conscientes de que son moitos os Concellos da provincia nos que se realizan alfombras florais.

No faladoiro participaron representantes dos colectivos de alfombras dos Concellos de Pontearreas, Gondomar, Bueu e Redondela.

No caso de Redondela, ao ser a localidade anfitroia do evento, déuselle voz a dúas participantes, que representaban as dúas correntes que existen neste momento na confección das alfombras: a tradicional (que soamente utilizan flores na confección) e a mixta (que combina outros elementos naturais na confección, como cunchas).

A difusión do faladoiro realizouse polas canles habituais: envío da newsletter á lista de distribución do Servizo de Igualdade, nota de prensa, pegada de carteis, redes sociais e axenda da Deputación de Pontevedra.

Asinado dixitalmente.

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P360000014)
Cargo: Presidente
Data: 30/09/2025 10:08

